

demento de disolución da mostra deberá evitar a precipitación de calquera especie SnIV hidrolizada [é dicir, especies como o óxido de estaño SnO_2 , $\text{Sn}(\text{OH})_4$, $\text{SnO}_2 \cdot \text{H}_2\text{O}$].

As mostras preparadas débense conservar en 5 mol/l HCl. Non obstante, como o SnCl_4 se volatiliza facilmente, non convén ferver as solucións.

REFERENCIAS

1. BS EN 13804:2002: «Foodstuffs –Determination of trace elements-Performance criteria, general considerations and sample preparation», CEN, Rue de Stassart 36, B-1050 Brussels.
2. «W Horwitz. Evaluation of Analytical Methods for Regulation of Food and Drugs. Anal. Chem.», 1982, 54, 67A-76A.
3. ISO/AOAC/IUPAC. «Harmonised Guidelines for the Use of Recovery Information in Analytical Measurement. Edición de Michael Thompson, Steven L R Ellison, Ales Fajxelj, Paul Willetts and Roger Wood, Pure Appl. Chem.», 1999, 71, 337-348.
4. ISO/AOAC/IUPAC. «International Harmonised Protocol for Proficiency Testing of (Chemical) Analytical Laboratories, Edición de M Thompson and R Wood, Pure Appl. Chem.», 1993, 65, 2123-2144 (Publicado tamén en J. AOAC International, 1993, 76, 926).
5. ISO/AOAC/IUPAC. «International Harmonised Guidelines for Internal Quality Control in Analytical Chemistry Laboratories, Edición de M Thompson and R Wood, Pure Appl. Chem.», 1995, 67, 649-666.

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

1255 REAL DECRETO 55/2005, do 21 de xaneiro, polo que se establece a estrutura das ensinanzas universitarias e se regulan os estudos universitarios oficiais de grao. («BOE» 21, do 25-1-2005.)

O proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior, iniciado coa Declaración de Boloña de 1999, inclúe entre os seus obxectivos a adopción dun sistema flexible de titulacións, comprensible e comparable, que promova oportunidades de traballo para os estudantes e unha maior competitividade internacional do sistema de educación superior europeo.

A citada declaración establece un horizonte temporal para a plena consecución deste espazo ata o ano 2010, e prevense fases bienais de realización, cada unha das cales finaliza cunha conferencia de ministros responsables da educación superior, en que se revisa o conseguido e se establecen novas directrices para o futuro. Ata a data leváronse a cabo a Conferencia de Praga no ano 2001 e a de Berlín en 2003, e está prevista a celebración da próxima reunión ministerial en Bergen, Noruega, no mes de maio de 2005.

Este novo sistema de titulacións, tal e como se reafirmou na comunicación da Conferencia de Berlín, ha de basearse en dous niveis nitidamente diferenciados, denominados, respectivamente, grao e posgrao, que, no seu conxunto se estruturan pola súa vez en tres ciclos.

O primeiro nivel, ou de grao, comprende as ensinanzas universitarias de primeiro ciclo e ten como obxectivo lograr a capacitación dos estudantes para integrarse directamente no ámbito laboral europeo cunha cualificación profesional apropiada. O segundo nivel, compren-

sivo das ensinanzas de posgrao, integra o segundo ciclo de estudos, dedicado á formación avanzada e conducente á obtención do título de mestrado, e o terceiro ciclo, conducente á obtención do título de doutor, que representa o nivel máis elevado na educación superior.

Por outra parte, e en virtude da competencia atribuída ao Estado polo artigo 149.1.30.a da Constitución española, sobre regulación das condicións para a obtención de títulos académicos e profesionais, e de acordo co establecido na disposición derradeira terceira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, correspóndelle ao Goberno o establecemento dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. Para o exercicio da dita competencia, a citada lei orgánica, tras ter previsto no seu artigo 37 a estruturación en ciclos das ensinanzas universitarias, veu promover a integración do sistema universitario español segundo as liñas emanadas para a construción do Espazo Europeo de Educación Superior, ao que dedica o seu título XIII, e autoriza o Goberno, no seu artigo 88.2, a proceder ao establecemento, reforma ou adaptación das modalidades cíclicas de cada ensinanza e os títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional correspondentes.

Este real decreto pretende ser unha das pezas normativas clave no desenvolvemento dos obxectivos da lei mencionada, xa que, por unha banda, aborda a nova estruturación das ensinanzas universitarias e, por outra, establece a regulación do primeiro ciclo daquelas, o grao; o segundo nivel de posgrao, comprensivo do segundo e terceiro ciclos, remítese ao seu desenvolvemento regulamentario específico.

Con esta regulación iníciase a transformación das ensinanzas universitarias oficiais, nun proceso que se desenvolverá de modo progresivo ata o ano 2010, co espazo temporal de reflexión necesario en función dos estudos que se pretendan abordar e coa participación de todos os axentes académicos e sociais implicados. Este novo marco normativo permitirá deseñar os novos títulos coa adecuada flexibilidade, en función das singularidades científicas e profesionais de cada un deles e en harmonía coas tendencias existentes en Europa.

O establecemento dos novos títulos non deberá supor mingua ningunha na consideración daqueles a que substitúan e a súa implantación será, en todo caso, plenamente respectuosa coa totalidade dos dereitos académicos e profesionais de que veñan desfrutando os titulados conforme a anterior ordenación. Así, o Goberno, ao longo do proceso de creación de cada un dos novos títulos, concretará na correspondente norma as equivalencias que en cada caso puidesen corresponder respecto dos anteriores.

As ensinanzas oficiais do ciclo de grao régulanse cun obxectivo formativo claro, que non é outro que o de propiciar a consecución polos estudantes dunha formación universitaria que xunte coñecementos xerais básicos e coñecementos transversais relacionados coa súa formación integral, xunto cos coñecementos e capacidades específicos orientados á súa incorporación ao ámbito laboral. Así mesmo, este real decreto contén os requisitos necesarios para que o Goberno, tras estudar as propostas elaboradas no seo da comunidade universitaria e contando coa participación dos sectores profesionais e colexios oficiais, así como a dos sindicatos e restantes axentes sociais implicados, poida establecer títulos universitarios específicos de grao con carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como as condicións a que se deberán axustar as universidades para a elaboración dos respectivos plans de estudos. Iso permitirá que estas diversifiquen a súa oferta e establezan itinerarios de libre configuración curricular.

Esta norma de carácter xeral responde á reserva competencial a favor do Estado contida no artigo 149.1.30.a da Constitución española, e dítase en uso da autorización

outorgada ao Goberno polo artigo 88.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e para a súa elaboración emitiu informe o Consello de Coordinación Universitaria.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 21 de xaneiro de 2005,

DISPONGO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto ten por obxecto establecer a estrutura das ensinanzas universitarias oficiais españolas, de acordo coas liñas xerais emanadas do Espazo Europeo de Educación Superior e de conformidade co previsto no artigo 88.2 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

2. Así mesmo, este real decreto regula os aspectos básicos da ordenación dos estudos universitarios de primeiro ciclo conducentes á obtención do correspondente título oficial.

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto, enténdese por:

a) Título oficial: o expedido polas universidades, acreditativo da completa superación dun plan de estudos de carácter oficial, con validez académica e profesional en todo o territorio nacional.

b) Título propio: o expedido polas universidades, acreditativo da superación doutras ensinanzas impartidas en uso da súa autonomía, carente dos efectos que as disposicións legais outorguen aos títulos oficiais.

c) Directrices xerais comúns: as establecidas polo Goberno e que son aplicables a todos os plans de estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial, con validez académica e profesional en todo o territorio nacional.

d) Directrices xerais propias: as establecidas polo Goberno para cada título universitario oficial ás cales deben axustarse as universidades na elaboración dos respectivos plans de estudos, para que estes poidan ser homologados.

e) Plan de estudos: o deseño curricular concreto respecto dunhas determinadas ensinanzas realizado por unha universidade, suxeito ás directrices xerais comúns e ás correspondentes directrices xerais propias, cuxa superación dá dereito á obtención dun título universitario de grao de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

f) Contidos formativos comúns: conxunto de coñecementos, aptitudes e destrezas necesarios para alcanzar os obxectivos formativos do título. Serán establecidos nas directrices xerais propias e de obrigada inclusión en todos os plans de estudos que conducen á obtención dun mesmo título universitario oficial.

g) Crédito: a unidade de medida do haber académico regulada no Real decreto 1125/2003, do 5 de setembro, que comprende as ensinanzas teóricas e prácticas, con inclusión doutras actividades académicas dirixidas, así como as horas de estudo e de traballo que o estudante deba dedicar para alcanzar os obxectivos formativos propios de cada unha das materias do correspondente plan

de estudos, que representa a cantidade de traballo do estudante para cumprir os obxectivos do programa de estudos e que é obtida pola superación de cada unha das materias que integran os plans de estudos das diversas ensinanzas conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Artigo 3. *Expedición dos títulos universitarios.*

1. Os títulos universitarios oficiais serán expedidos en nome do Rei polo reitor da universidade en que se conclúsen os estudos que dean dereito á súa obtención, de acordo cos requisitos que respecto do seu formato, texto e procedemento de expedición estableza mediante orde o Ministerio de Educación e Ciencia, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria.

En tanto non se produza a expedición material do título oficial, o interesado poderá solicitar, desde o momento en que aboan os correspondentes dereitos, a expedición dunha certificación supletoria provisional que substituirá aquel e gozará de idéntico valor para efectos do exercicio dos dereitos a el inherentes.

2. Os diplomas e títulos propios serán expedidos polo reitor en nome da universidade e tanto a súa denominación como o texto e formato en que se confeccionen non deberán inducir a confusión cos oficiais. Nos ditos títulos deberase facer mención expresa de que carecen de carácter oficial.

Artigo 4. *Prezos públicos das ensinanzas universitarias.*

Os estudos conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e impartidos en universidades públicas estarán sometidos ao réxime de prezos públicos que, no ámbito das súas competencias, establezan as comunidades autónomas de acordo co establecido no artigo 81 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

Artigo 5. *Seguro escolar.*

Aos estudantes matriculados en ensinanzas conducentes á obtención de títulos oficiais universitarios seralles de aplicación as normas sobre réxime do seguro escolar contidas na Lei do 17 de xullo de 1953 e na normativa ditada no seu desenvolvemento, en particular, o Real decreto 270/1990, do 16 de febreiro, polo que se inclúen no réxime do seguro escolar os alumnos que cursen o terceiro ciclo de estudos universitarios conducentes ao título de doutor, sen prexuízo das previsións contidas no Real decreto 1326/2003, do 24 de outubro, polo que se aproba o Estatuto do bolseiro de investigación, sobre a Seguridade Social dos bolseiros.

CAPÍTULO II

Estrutura das ensinanzas universitarias

Artigo 6. *Estrutura xeral.*

As ensinanzas universitarias conducentes á obtención de títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional comprenderán estudos de grao e de posgrao e estruturaránse en ciclos, de acordo co establecido no artigo 37 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e neste real decreto.

Artigo 7. *Ensinanzas de grao.*

O primeiro ciclo dos estudos universitarios comprenderá ensinanzas básicas e de formación xeral, xunto a outras orientadas á preparación para o exercicio de actividades de carácter profesional. A superación do ciclo dará dereito á obtención do correspondente título, coa denominación que, en cada caso, acorde o Goberno.

Artigo 8. *Ensinanzas de posgrao.*

1. O segundo ciclo dos estudos universitarios estará dedicado á formación avanzada, de carácter especializada ou multidisciplinar, dirixida a unha especialización académica ou profesional ou ben a promover a iniciación en tarefas investigadoras. A superación do ciclo dará dereito á obtención do título de mestrado.

2. O terceiro ciclo dos estudos universitarios terá como finalidade a formación avanzada do estudante nas técnicas de investigación, poderá incluír cursos, seminarios ou outras actividades dirixidas á formación investigadora e incluírá a elaboración e presentación da correspondente tese de doutoramento, consistente nun traballo orixinal de investigación. A superación do ciclo dará dereito á obtención do título de doutor, que representa o nivel máis elevado na educación superior, acredita o máis alto rango académico e faculta para a docencia e a investigación, de acordo coa lexislación vixente.

3. A regulación dos estudos universitarios oficiais de posgrao será obxecto de desenvolvemento regulamentario específico.

CAPÍTULO III

Regulación dos estudos universitarios oficiais de grao

Artigo 9. *Establecemento dos títulos universitarios oficiais de grao.*

1. Os títulos universitarios de grao que teñan carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como as directrices xerais propias dos plans de estudos que deban cursarse para a súa obtención, serán establecidos por real decreto do Consello de Ministros, ben por propia iniciativa, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, ben por proposta deste Consello, segundo o disposto no artigo 34 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.

2. Os títulos universitarios de grao producirán efectos académicos plenos e habilitarán, se é o caso, para actividades de carácter profesional, de acordo coa normativa vixente.

3. Para o establecemento dun título oficial de grao, o informe do Consello de Coordinación Universitaria deberá conter referencia expresa, ao menos, aos seguintes aspectos:

- Denominación específica do título, número total de créditos, contidos formativos comúns e número mínimo de créditos asignados a cada un deles.
- Especificación dos obxectivos do título, así como dos coñecementos, aptitudes e destrezas que deban adquirirse para a súa obtención con referencia á concreción destes nos contidos formativos comúns.
- O perfil profesional asociado ao título.
- Relevancia do título para o desenvolvemento do coñecemento e para o mercado laboral español e europeo.
- Xustificación da súa incorporación ao Catálogo de títulos universitarios oficiais en que se haberá de conside-

rar particularmente a súa adecuación coas liñas xerais emanadas do Espazo Europeo de Educación Superior.

4. Non procederá establecer un título universitario oficial de grao cuxos contidos formativos coincidan substancialmente cos doutro título oficial. Nos casos en que o establecemento dun título implique a extinción de títulos universitarios xa existentes, deberá facerse constar expresamente.

5. O real decreto polo que se establece un título universitario oficial de grao adoptarase de conformidade coas directrices xerais comúns previstas neste real decreto e incluírá as correspondentes directrices xerais propias.

6. O establecemento dun título universitario oficial de grao comportará a súa inclusión no Catálogo de títulos universitarios oficiais e, se é o caso, a supresión da inscrición no mencionado catálogo do título ou títulos anteriores cando proceda. Para estes efectos, o Goberno determinará, nas normas de establecemento de títulos, as condicións para a homologación dos títulos anteriores aos novos, así como para a adaptación das ensinanzas que aqueles determinen.

Artigo 10. *Directrices xerais comúns.*

1. O número total de créditos das ensinanzas e actividades académicas conducentes á obtención dos títulos oficiais de grao estará comprendido entre 180 e 240.

2. Poderán excluírse deste cómputo os créditos correspondentes á realización do proxecto de fin de carreira e as prácticas tuteladas cando estes deriven de normas, decisións ou prácticas comúns establecidas na Unión Europea ou, se é o caso, de acordo coa normativa vixente, constitúan un requisito para o exercicio de actividades profesionais reguladas, así como os correspondentes ao coñecemento de idiomas estranxeiros. As directrices xerais propias de cada título establecerán as condicións para a realización destes traballos.

3. Nos supostos en que iso veña exixido polo cumprimento de normas de dereito comunitario, o Goberno, logo de informe do Consello de Coordinación Universitaria, poderá asignar un número distinto de créditos a determinadas ensinanzas.

4. Todos os plans de estudos conducentes á obtención dunha mesma titulación oficial haberán de contar co mesmo número de créditos.

5. As directrices xerais propias destes títulos non poderán incorporar o recoñecemento oficial de especialidades e orientarase á adquisición dunha cualificación profesional con significación no ámbito laboral, que, se é o caso, e de acordo coa normativa vixente, posibilite o acceso ao exercicio de actividades profesionais dentro dun determinado ámbito, sen prexuízo doutros posibles requisitos exixidos pola normativa vixente respecto das profesións reguladas.

Artigo 11. *Directrices xerais propias.*

1. As directrices xerais propias correspondentes a cada título específico de grao determinarán o número de créditos dos plans de estudos que deberán ser superados para a obtención do correspondente título oficial.

2. As directrices xerais propias de cada título de grao especificarán os contidos formativos comúns, unha breve descrición das súas materias e o número de créditos que se lles deberá asignar nos seus respectivos plans de estudos.

3. O número de créditos fixado polas directrices xerais propias para o conxunto dos contidos formativos comúns dos plans de estudos conducentes á obtención dun título de grao será dun mínimo do 50 por cento e un

máximo do 75 por cento do número total de créditos correspondentes a esa titulación.

4. As directrices xerais propias especificarán os efectos académicos e, se é o caso, e de acordo coa normativa vixente, as competencias profesionais inherentes á obtención do título, sen prexuízo do que, se é o caso, estableza a normativa específica para o acceso ao exercicio de profesións reguladas.

Artigo 12. *Elaboración e aprobación dos plans de estudos.*

1. Os plans de estudos conducentes á obtención dos títulos universitarios oficiais de grao serán elaborados e aprobados polas universidades, na forma que determinen os seus estatutos ou normas de organización e funcionamento, logo de autorización da súa implantación polo órgano competente da respectiva comunidade autónoma. Deberanse axustar ás directrices xerais comúns previstas neste real decreto e ás directrices xerais propias que o Goberno estableza para cada título, e deberán ser sometidos ao proceso de homologación, de acordo coa normativa vixente ao respecto.

2. Os referidos plans de estudos terán unha vixencia temporal mínima equivalente ao número de anos académicos en que se organicen as ditas ensinanzas e a súa extinción rexerá polo disposto no artigo 14.3 e 4.

Artigo 13. *Contido dos plans de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais de grao.*

1. Os contidos dos plans de estudos conducentes á obtención de títulos universitarios oficiais de grao ordenaranse distinguindo entre:

- a) Contidos formativos comúns establecidos nas directrices xerais propias de cada título.
- b) Contidos formativos específicos determinados discrecionalmente pola universidade.

2. Respecto de cada unha das materias que compoñen os plans de estudos, as universidades deberán concretar os obxectivos, coñecementos, aptitudes e destrezas que se deben adquirir, a descrición de contidos e o número de créditos asignados a cada unha delas.

3. As universidades poderán valorar en créditos a realización de prácticas en empresas ou institucións, de traballos profesionais académicamente dirixidos e integrados no plan de estudos, así como o recoñecemento dos estudos ou actividades formativas realizados no marco de programas universitarios ou interuniversitarios, nacionais ou internacionais.

4. Os plans de estudos especificarán, así mesmo, a estrutura académica das súas ensinanzas e a súa ordenación temporal, con especial atención ao obxectivo de facilitar a mobilidade dos estudantes.

Artigo 14. *Modificación e extinción dos plans de estudos.*

1. As modificacións dun plan de estudos serán aprobadas polas universidades, na forma en que determinen os seus estatutos ou normas de organización e funcionamento e sometidas ao procedemento previsto na normativa vixente.

2. As modificacións dun plan de estudos, xa sexan de carácter total ou parcial, axustaranse ao disposto no artigo 6 do Real decreto 49/2004, do 19 de xaneiro, sobre homologación de plans de estudos e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

3. A extinción dun plan de estudos conducente á obtención dun título oficial de grao poderá producirse polos seguintes motivos:

- a) Implantación dun novo plan de estudos correspondente ao mesmo título oficial na mesma universidade.
- b) Cesamento da impartición das ensinanzas acordado pola comunidade autónoma, que deberá ser comunicado, ao menos, con tres meses de antelación ao comezo do curso académico ao Consello de Coordinación Universitaria.

4. Os plans de estudos extinguiránse curso por curso. Unha vez extinguido cada curso e sen prexuízo das normas de permanencia que sexan de aplicación, as universidades deberán garantir procedementos que posibiliten a superación do dito curso polos estudantes nos dous cursos académicos seguintes.

Artigo 15. *Plans de estudos conxuntos.*

1. As universidades españolas poderán, mediante convenio, organizar plans de estudos conxuntos conducentes á obtención dun único título oficial de grao e cuxas ensinanzas sexan impartidas en dúas ou máis universidades. Para tal fin, presentarase ante o Consello de Coordinación Universitaria unha solicitude conxunta de homologación do plan de estudos, acompañada do correspondente convenio en que se especificará qué universidade será responsable da tramitación dos expedientes dos estudantes, así como as particularidades referidas á expedición e rexistro do título.

2. As universidades poderán celebrar convenios con universidades estranxeiras para a impartición de plans de estudos conxuntos conducentes a unha única ou a unha dobre titulación. O Ministerio de Educación e Ciencia regulará as particularidades que resulten de aplicación á homologación dos ditos plans e títulos.

3. Nos supostos de modificación e extinción de plans de estudos conxuntos rexerá, ademais do disposto neste real decreto e na normativa específica de homologación de plans de estudos, o que se estableza no convenio celebrado entre as universidades, sempre e cando non contravede o disposto nas citadas normas.

Disposición adicional primeira. *Inscripción de novos títulos no Catálogo de títulos universitarios oficiais.*

1. O Catálogo de títulos universitarios oficiais subsiste e réxese polos criterios establecidos no Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro, sobre homologación de títulos aos do Catálogo de títulos universitarios oficiais, creado polo Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro.

2. Os novos títulos oficiais de grao establecidos de acordo co disposto neste real decreto deberán ser inscritos no Catálogo de títulos universitarios oficiais.

3. Os actuais títulos do catálogo serán substituídos paulatinamente polos novos títulos oficiais que se establezan en aplicación deste real decreto. O proceso de renovación do Catálogo de títulos universitarios oficiais deberase completar antes do 1 de outubro de 2007.

Disposición adicional segunda. *Desenvolvemento temporal da implantación.*

O desenvolvemento temporal da implantación dos novos plans de estudos farase en función das dispoñibilidades económicas das institucións responsables da ensinanza universitaria.

Disposición transitoria primeira. *Elaboración e homologación dos novos plans de estudos.*

1. No prazo máximo de tres anos a partir da aprobación do real decreto de establecemento dun título de grao, as universidades que veñan impartindo ensinanzas conducentes aos títulos oficiais suprimidos do catálogo en aplicación do artigo 9.6 deste real decreto remitirán para a súa homologación ao Consello de Coordinación Universitaria o plan de estudos asociado ao novo título oficial.

2. En caso de incumprimento do establecido no punto anterior, o Consello de Coordinación Universitaria elevará un informe ao Ministerio de Educación e Ciencia para a revogación da homologación do título ou títulos suprimidos ou do acordo de homologación do plan de estudos conducente á obtención dalgún destes.

3. A partir do 1 de marzo de 2005, o Consello de Coordinación Universitaria, sen prexuízo de continuar a tramitación dos expedientes que con anterioridade tivesen entrada nel, non homologará plans de estudos conducentes á obtención de novas titulacións, nin o Goberno homologará os títulos oficiais universitarios correspondentes, que non se axusten ao disposto neste real decreto.

Disposición transitoria segunda. *Criterios xerais de validación e adaptación de estudos.*

Mentres o Consello de Coordinación Universitaria non regule, en función do previsto no artigo 36 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, os criterios xerais a que haberán de axustarse as universidades en materia de validación e adaptación de estudos cursados en centros académicos españois e estranxeiros, seguirán sendo de aplicación os citados no punto un do anexo 1 do Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns dos plans de estudos dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Disposición transitoria terceira. *Títulos universitarios oficiais en vigor.*

Este real decreto e os reais decretos polos que se establecen novos títulos universitarios de grao que aprobe o Goberno non afectarán os efectos académicos ou profesionais dos títulos actualmente vixentes.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogado o Real decreto 1496/1987, do 6 de novembro, sobre obtención, expedición e homologación de títulos universitarios, sen prexuízo da súa aplicación ás ensinanzas anteriores, ata a súa definitiva extinción de acordo co previsto neste real decreto.

2. Queda derogado o Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro, polo que se establecen directrices xerais comúns dos plans de estudos dos títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 49/2004, do 19 de xaneiro, sobre homologación de plans de estudos e títulos de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.*

O artigo 6 do Real decreto 49/2004, do 19 de xaneiro, sobre homologación de plans de estudos e títulos de

carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, queda redactado como segue:

«Artigo 6. *Homologación no suposto de modificación do plan de estudos.*

1. A modificación dun plan de estudos que afecte un número superior ao 10 por cento dos créditos relativos aos contidos formativos comúns, ou das materias troncais dos actuais plans, incluídos nas directrices xerais propias, implicará a extinción do plan de estudos en vigor e, en consecuencia, considerarase como novo plan de estudos que deberá ser sometido ao procedemento de homologación previsto nos artigos 4 e 5.

2. Se a modificación afecta un número igual ou inferior ao 10 por cento dos créditos a que se refire o punto anterior, ou soamente afecta a contidos establecidos discrecionalmente pola universidade, deberá ser comunicada ao Consello de Coordinación Universitaria, con carácter previo á súa publicación no «Boletín Oficial del Estado», para os efectos de que a Secretaría Xeral do citado Consello proceda á comprobación da súa correspondencia coas directrices xerais comúns e propias do correspondente título. A Secretaría Xeral do Consello comunicará as ditas modificacións á respectiva comunidade autónoma, así como ao órgano competente do Ministerio de Educación e Ciencia.

3. As modificacións dos plans de estudos deberán incluír as necesarias previsións sobre os mecanismos de recoñecemento de créditos para os estudantes que viñesen cursando o plan anterior.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.30.a da Constitución española e en uso da autorización outorgada ao Goberno polo artigo 88.2 e a disposición derradeira terceira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e é de aplicación en todo o territorio nacional.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Correspóndelles ao ministro de Educación e Ciencia e ás universidades ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 21 de xaneiro de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MARÍA JESÚS SAN SEGUNDO GÓMEZ DE CADIÑANOS

1256 REAL DECRETO 56/2005, do 21 de xaneiro, polo que se regulan os estudos universitarios oficiais de posgrao. («BOE» 21, do 25-1-2005.)

A contribución do sistema universitario español á conformación dos Espazos Europeos de Educación Superior e de Investigación e a súa plena integración neles